

Un home 'da casa' vai entrar hoxe, ás 18.00 horas, na Real Academia de Ciencias Veterinarias de España. Aínda que Diego Conde Gómez naceu en Ourense fai xa máis de catro décadas, considérase orosán, concello no que reside dende hai once anos. Ata alí chegou, ao pouco de casar, coa súa dona, e hoxe teñen xa dous fillos. Padrazo coma poucos, e estudante dos de expediente para enmarcar, rexeitou quedar na docencia polo traballo de campo. "Afeccións? en realidade o tema da Historia é o que máis tempo me consume" aporta, xusto co mesmo xesto, de entre eficiencia e concentración, que adoita amosar cando fala do que lle gusta. Verán.

MARCOS MANTEIGA  
Oroso

Por que elixiu facer a súa tese de doutoramento sobre o veterinario Rof Codina?

Estaba interno en Cirurxía no hospital Rof Codina e, buscando información, chegou á miña man un documento de comezos do século pasado, precisamente de Rof Codina. Nese intre descubrí que este home era un adiantado á súa época, e propúsenlle ao director da miña tese a idea de facer unha biografía. Había pouco publicado, e o que había era obra de Lorenzo Fernández Prieto. Pregunteille, e estivo encantado, polo que codirixiu con Manuel Cifuentes o meu traballo. Tamén formo parte do grupo Histagra, onde son membro activo de investigación. E alí seguimos a investigar como un grupo interdisciplinar.

En que materia concreta figura vostede dentro deste grupo interdisciplinar que cita?

Eu estou encadrado no desenvolvemento lácteo en Galicia, e o meu discurso na Real Academia de Ciencias Veterinarias de España irá hoxe sobre iso, dos aspectos históricos da mellora do leite.

Si. E ten un título cando menos arriscado. Comeza así *Cuestiones sobre la mala leche...*

A idea era facer, nunha institución con certa solera, un punto máis de crítica ao que era esa parte da historiografía sen investigar e, ao mesmo tempo, chamar a atención sobre a profesión veterinaria, porque pasan desapercibidos todos os controis que inclúe e aporta esta profesión. O discurso céntrase en que, ata non hai moito, había moito fraude no leite, e esta profesión é a que impulsa este proceso de mellora nas explotacións. O gando, muxido, envasado, refrixeración... todo o proceso foi labor de moitos vete-

## DIEGO CONDE GÓMEZ

Doutor orosán que ingresa na Real Academia de Ciencias Veterinarias

# “Temos capacidade para producir pastos moito máis alta, e dan un leite de calidade”



Diego Conde ingresa hoxe na Real Academia de Veterinaria

rinarios, porque o leite pode ser vector doutras enfermidades que poden traer problemas.

Cal é o xeito para entrar nunha Real Academia tan antiga e prestigiosa como esa?

A proposta saíu de tres académicos, Vives Vallés, Etxaniz e Cinta Mañé, a finais do 2016, sendo a votación en decembro. Todos os académicos numerarios deciden, en base a o meu currículo e

“No meu discurso de ingreso fago unha crítica e chamarei a atención sobre a profesión veterinaria”

“A nivel sanitario, a cabana gandeira que temos en Galicia é das que mellor están do Estado”

“A proposta de ingreso fixérona Vives Vallés, Etxaniz e Contia Mañé a finais do ano 2016”

“Terei que desprazarme a Madrid ás reunións da miña sección, polas charlas, seminarios...”

“Os gandeiros demandan prezos máis razoables para axudar a cubrir custos do seu traballo”

ás publicacións, sobre a entrada, e logo tes un ano para preparar o discurso: *Cuestiones sobre la mala leche. Aportación de la profesión veterinaria a la mejora higiénico-sanitaria de la leche en la España contemporánea (1837-1931)*.

Madia leva, e ademais de magnolias, supoño que o cargo inclúe tamén moitas obrigas...

Terei que desprazarme ás reunións da miña sección de historia a Madrid, polas conferencias, charlas, seminarios...

Ten un bo feixe de estudos e traballos. Nunca botou en falta adicarse á docencia?

Non, xa que do xeito que o teño plantexado é o mais compatible, porque son veterinario vocacional, e botaría en falta ó resto. Pero isto permíteme as dúas cousas: sigo en contacto coa universidade, participo en congresos e dou charlas e, á vez, sigo en contacto coa profesión. Traballo nunha empresa e teño relación co rural.

A historia empezou como unha afección, seguiu coa tese e publicacións. Tiña bo expediente, e ía quedar na universidade, pero decidíme polo mundo laboral.

Temos máis galegos na actualidade aportando o seu prestixio nesta real academia?

Que eu saiba, só María Teresa Miras Portugal, que é farmacéutica. E tamén están dous profesores da Facultade de Lugo, pero non son galegos: Teresa García Lara e José Luis Benedicto Castellote.

Levamos tempo cunha labor de recuperación de razas autóctonas. De que depende perpetuar unhas e non outras?

E un síntoma do mercado, da demanda que poida haber deses animais. Ata mediados do século XX, axudaban nas labores agrarias, e coa mecanización foron substituídos polo tractor. A cachena, limiá, caldelá... case desapareceron, e só subsistiron as que souberon mellorar, como a rubia galega pola produción de carne. Agora hai unha demanda da carne desas razas autóctonas, criadas no monte dun xeito extensivo, con carne de altísima calidade e unha alimentación máis natural. A sociedade demanda eses produtos, e faise esa recuperación co apoio da Administración, de cara a poder preservar os nosos recursos zoonéticos.

A raza das vacas frisonas distribúese por toda Europa. Logo, que factor diferencia a calidade do leite que dan en Galicia?

En explotacións moi intensivas do centro de Europa, a alimentación é a base de pensos, pero aquí temos unha capacidade para producir pastos moito mais alta que no resto de Estado e, ao combinarse cos pensos, dan un leite de moitísima máis calidade, como a Uncla de Feiraco, ou tamén a de Larsa de pastos. Outorga maiores propiedades.

Cales son os principais problemas do gando a día de hoxe nas nosas explotacións?

A nivel sanitario, a cabana gandeira que temos hoxe en día en Galicia é das que mellor están no Estado e xa somos oficialmente indemnes de brucelose bovina, segundo a Comisión Europea, e hai índices moi baixos de tuberculose. Somos do mellorío. O problema nas explotacións pode ser os prezos do mercado, moi volátiles, e as explotacións teñen marxes de rendabilidade moi axustados, polo que cando baixan os prezos, vense en situacións moi comprometidas. A demanda dos gandeiros vai porque eses prezos sexan máis razoables, que axuden a cubrir custos do seu traballo, e tamén pola facilidade de que a terra produza para alimentar os animais, e non depender así tanto dos pensos, algo máis complicado.

Supoño que terá un capítulo de agradecementos máis que salientable para contarnos...

Si, agradezo a miña familia, que é a que soporta a requisa de tempo que supón isto: traballar e sacar tempo para publicar.

## TRAXECTORIA

**TÍTULOS.** Diego Conde Gómez (Ourense, 1977) é doutor en Veterinaria pola Universidade de Santiago (ano 2000).

**DISTINCIÓNS.** A súa obra *Canto val unha vaca? Da cuestión agraria á cuestión pecuaria* recibía en 2013 o Premio Manuel Murguía de Ensaio que concede a Deputación da Coruña, mentras que o traballo *Juan Rof Codina. Renovación na veterinaria e gandería galega contemporánea*, publicado por Xerais en 2015, foi merecedor do premio Jesús García

Calvo que convocan o Instituto Universitario de Estudos e Desenvolvemento de Galicia (Idega) da USC e maíla Fundación Feiraco. Quedou finalista, do mesmo xeito, nos Premios da Crítica de Galicia.

**CARGOS ACADÉMICOS.** Membro da agrupación de Historia Veterinaria Galega (Hisvega) e de Histagra, a súa tese titulouse *Veterinaria e mellora pecuaria na Galicia contemporánea. o papel de Juan Rof Codina*. Hoxe entra na Real Academia.